

1 Le o seguinte texto e, despois, resolve as cuestións que se formulan sobre el.

1 Pipa, sentada no sofá, púxose a discorrer como faría para aprender a lingua do seu avó. Non debía de ser nada doado.

Como farían os papás para o entenderen e el para saber o que eles lle dicían?

Porque os papás e o avó se entendían moi ben e conversaban deseguido.

5 «Débeo de saber Tarnas», cavilou.

E púxose moi contenta. Posiblemente Tarnas sabía atopar solucións a moitas cousas.

—Oe, Tarnas.

—Dime.

—Por que os papás e o avó se entenden tan ben? Non falan igual.

10 —Porque son bilingües.

A contestación deixouna desconcertada.

—Que é ser bilingüe? —preguntou.

Tarnas aproveitou aquela ocasión para portarse un pouco mal. Era moi rebuldeira.

—Pois terás que mirar no dicionario.

Helena Villar: *O avó de Pipa*, Bruño (adaptación).

a) Cando conversaban o avó e os pais de Pipa, facíano no mesmo idioma? Cita a oración ou as oracións coas que iso se expresa.

.....
.....

b) Que solución lle deu Tarnas á pregunta de Pipa?

.....
.....

c) Explica coas túas palabras que significa *bilingüe*.

.....
.....

• E ti es bilingüe? Por que?

.....

2 Coñeces algún caso parecido ao dos papás de Pipa? Céntao.

.....

.....

.....

3 Escribe en cada recadro o número do sinónimo que corresponda:

lingua doado desconcertada rebuldeira

1 concerto 3 difícil 5 sincera 7 bilingüe

2 idioma 4 enredante 6 confundida 8 fácil

4 Busca no texto dúas oracións interrogativas e escríbeas:

.....

.....

5 Di en que conxugación e en que tempo están os seguintes verbos. Repara no modelo:

Conversaban → 1.^a conxugación, pasado

• Sabía →

• Falan →

• Preguntou →

• Terás →

6 Clasifica as palabras que se subliñaron no texto:

pronomes persoais:; artigos:;

adxectivos:; substantivos:

7 Busca no texto e escribe:

• dúas palabras agudas con acento gráfico:;

• dúas palabras graves sen acento gráfico:;

• unha palabra esdrúxula:

